

centro dramático galego

CDG: XXV ANOS

parte de ti



Festival Sinsal 2009
Extensión Salón Teatro
Dossier de prensa

Música

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro

// 22 de febreiro // Jeremy Jay

// 2 de abril // Pram

// 14 de maio // Larsen e Little Annie

O Salón Teatro de Santiago principia a terceira edición da extensión en Compostela do **Festival Sinsal**, un encontro de referencia para a música contemporánea máis vangardista. O escenario que xestiona o Centro Dramático Galego continúa así co seu labor de difusión das expresións escénicas máis actuais desde unha perspectiva multidisciplinar e integrada.

Fundado na cidade de Vigo no ano 2003, o **Festival Sinsal** aposta polos sons contemporáneos, as propostas populares e os proxectos máis arriscados do panorama internacional. Tamén serve de plataforma para presentar apostas menos coñecidas pero de igual importancia artística e outros proxectos relacionados co fenómeno sonoro.

O certame, que leva como subtítulo “Música para Catro Estacións”, desenvólvese ao longo de todo o ano cunha estrutura estacional, ofrecendo unha programación definida para cada inverno, primavera, verán e outono.

Despois do éxito acadado nas dúas anteriores edicións, cos concertos dos grupos A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár Emsemble, Hanne Hukkelberg, Tunng, Matt Valentine & Erika Elder with The Golden Road, Igloo, Michael Gira, Fabrizio Modonese, Baby Dee e O Fillo Pausado, o **Festival Sinsal** regresa a Santiago con outro excelente catálogo de artistas tan interesantes como influentes dentro do panorama das músicas contemporáneas a nivel internacional.

Jeremy Jay

(EEUU)

Domingo 22 de febreiro ás 22.00 horas

Prezo: 10 €



Co respaldo de K Records, Jeremy Jay converteuse nunha das máis celebradas sensacións pop rock da temporada pasada grazas ao seu álbum debut *A Place Where We Could Go*, que se recrea pola vía lo-fi nunha sorte de pop onírico e espectral nostálxico tanto da inocencia instrumental e do romanticismo do rock'n'roll dos anos 50 como da emocionalidade nebulosa do psycho-folk dos sesenta.

Sofisticadamente retro e sedutoramente ambiguo, este traballo recunca dende un cálido e nocturno agocho nas sonoridades de François Hardy, Buddy Holly, David Bowie ou Nirvana. Como unha caste de Lord Byron despeiteado, na voz do californiano cohabitan o pop subterráneo e o romantismo, dando pé a unha epifanía musical memorable. Pero é ademais unha escapada cinematográfica á mente dun individuo moi singular. Un estado entre a ficción e a realidade, explorando as sombrías profundidades dunha actitude: o idilio da vida pero sen a xente e as cousas que se agolpan nas esquinas, creando un mundo propio.

No concerto que ofrecerá en Santiago, o músico e cantante californiano adiantará algúns temas do seu novo traballo discográfico - *Slow dance* -, un álbum de “temática invernal” (así o presenta o propio Jay) máis influenciado pola *new-wave* francesa que verá a luz o 24 de marzo.

Pram

(Inglaterra)

Xoves 2 de abril ás 22.00 horas

Prezo: 10 €



De haber discotecas en Saturno, o último álbum de Pram, *The moving frontier* (2007), sería alí un crebapistas. Un número marciano e sideral, ategado de melodías de xoguete hipnóticas e asmáticas ("The empty quarter"), de texturas engurradas e minimalistas ("Iske), de camiños pramenteiramente cósmicos ("Beluga"). Pero a historia de Sam Owen, Matt Eaton e Max Simpson, comandados pola voz espectral de Rosie

Cuckston, comezaba en Birmingham na década dos 90, no selo Too Pure, ao tempo que a primeira fornada de bandas *post-pop* (Laika, Mouse on Mars, Seefeel, Moonshake, Stereolab, ...).

Con *Helium* (1995), *The museum of imaginary animals* (2000) ou *Dark island* (2003) demostraron andar sobrados de habelencia e mestría para cruzaren *lounge* con electrónica e algunhas pingas de jazz, en alucinados universos paralelos. Pram soan coma unha boa película de ciencia ficción, sen efectos especiais de mercadotecnia, entre David Lynch e Tim Burton, ás veces desacougantes e outras, doces e tenros. Ao vivo tecen as súas cancións á calor de imaxes de seu ou de vellos filmes experimentais en branco e negro, aventurándose sempre ao outro lado do espello de Alicia. Case dúas décadas despois da súa formación, ben acreditados pola fantasmágorica emulsión de ventos, xilófonos, theremíns, teclados e marimbas do aclamado *The moving frontier*, o grupo británico aínda non perdeu nin un gramo de vixencia.

Larsen & Little Annie

(Italia / EEUU)

Xoves 14 de maio ás 22.00 horas

Prezo: 10 €



Despois de trece anos de actividade ás costas, a banda experimental Larsen mantén intacta a súa pegada expresiva e volve cun novo álbum en estudio, *La Fever Lit* (2008). Ademais, nesta ocasión, contaron co engadido dunha voz amiga, a de Little Annie, diva do *dub* e do cabaret *post punk* e colaboradora do grupo Coil ou do combo On-U Sound.

A estratexia dos italianos consiste en irse abrindo pouco a pouco, silandeiramente, e así e todo, tentar prender os ouvidos do público ao seu pop cinematográfico, aboiándoo en ritmos luminosos nunha delicada lixeireza musical. En contrapartida, a nocturnidade e alevosía vai por conta de Annie Anxiety e da súa excéntrica narrativa.

A formación *underground* colaborou con artistas do talle de Michael Gira, Matmos, Martin Bisi, Matt Howden, Lustmord, David Tibet, Deathprod, Julia Kent, Baby Dee, Xiu Xiu, Johann Johannsson...



Annie Anxiety, tamén coñecida como Annie Bandez ou Little Annie, desenvolve dende hai uns 20 anos unha polifacética carreira como cantante, actriz e poetisa. A pesar de sufrires unha mocidade tormentosa, deixar os estudos e sumerxirse na delincuencia xuvenil, conseguiu facerse un oco na música da man de The Asexuals. Cun estilo que vai do *reggae* ao *hip hop*, e do cabaret á vangarda, Little Annie

reside en Nova York onde rinde culto ao Berlín dos anos 20 xunto ao pianista Paul Wallfisch en noites de música e fume.